



Incrementátese notablemente a demanda do alumnado para acceder a ciclos formativos



As solicitudes de acceso aos ciclos formativos para o curso 2009-2010 aumentaron nun 27,84%, dato que para o director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación, José Luis Mira Lema, reforza a aposta da Consellería pola formación profesional. Avala o seu punto de vista a considerable medra de solicitudes, 15.406 fronte ás 12.051 do curso pasado. Aínda que os pedimentos se elevaron moito nas dúas modalidades de graos, obsérvase unha maior suba nos ciclos superiores (6.780 matrículas, un 28,76% máis) que nos de grao medio (8.626, un 20,34% máis).

Para Mira Lema, este movemento dos mozos cara á FP débese, en boa medida, á crise económica e laboral que estamos a sufrir, ao motivar as persoas a incrementar a súa cualificación e dispoñer así de máis oportunidades para acceder a un emprego. De aí o seu reto por adaptar o sistema educativo ás necesidades reais da sociedade galega e a intención da Consellería de centrar esforzos na formación profesional a través de diversas liñas de actuación.

A primeira medida será elaborar unha norma básica para desenvolver a Lei de cualificación de FP, impulsada no 2002 polo propio Mira Lema durante a súa etapa no Ministerio de Educación. Tamén prevé revisar a oferta formativa da formación profesional en Galicia, co obxectivo de corrixir diversos desaxustes e adaptarse deste modo ás necesidades específicas de cidades, vilas e comarcas. Para iso contarase cos axentes sociais de cada zona (empresarios e sindicatos), o que favorecerá a empregabilidade e a competitividade.

Por outra banda, reforzase a rede de centros integrados (CIFP). Na actualidade existen 14 en total: 11 dependentes da Consellería de Educación e 3 de Traballo e Benestar. Nestes CIFP impulsarase o desenvolvemento de accións e proxectos de I+D+I que favorezan un emprego estable e con maior valor engadido. Con esta finalidade ofertarase unha meirande formación, dirixida tanto á dirección como ao profesorado, e poñerase en práctica un sistema da mellora da calidade.

Outra actuación prevista pola Consellería será establecer un verdadeiro sistema de información e orientación profesional para facilitarles aos estudantes o coñecemento das mellores oportunidades de formación e emprego dispoñibles en cada momento. Isto realizarase por medio da súa rede de centros en cooperación coa Consellería de Traballo, cos axentes sociais e con outras administracións e institucións.

José Luis Mira Lema anunciou tamén que se desenvolverá un plan de accións encamiñado ao fomento do espírito emprendedor, no que se imparten formación profesional e outras ensinanzas (ESO, bacharelato). A iniciativa levarase a cabo en colaboración co Instituto Galego de Promoción

Económica (IGAPE) a través de BIC Galicia. O proxecto inclúe, así mesmo, a implantación progresiva dun sistema para a mellora continua da calidade, que permita garantir o valor e a eficacia das accións de formación, orientación, avaliación e recoñecemento das competencias profesionais.

Todas estas medidas van dirixidas, non só a adaptar a formación profesional ás necesidades de Galicia, senón tamén a revalorizar a importancia da FP dentro do sistema educativo e laboral. Este curso implantáronse once novos títulos de grao superior e sete de grao medio. Un dos cambios máis significativos é a introdución dunha nova familia profesional, Enerxía e auga, co ciclo de grao superior Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica. Na actualidade, 252 centros de Galicia desenvolven ciclos formativos (177 públicos e 75 privados), 11 deles son integrados e ofrecen unicamente formación profesional.

En xaneiro comezará a impartirse o Máster para o profesorado



O pasado mes de xullo, reuniuse o Consello Galego de Universidades no Vicerreitorado de Coordinación do Campus de Lugo. Neste encontro, no que estiveron presentes o secretario xeral de Universidades, José Alberto Díez de Castro, e os reitores da Coruña, José María Barja, de Santiago, Senén Barro, e de Vigo, Alberto Gago, acordouse un paquete de medidas para o curso 2009-2010. Unha delas é a implantación do Mestrado para o profesorado, que principiará no mes de xaneiro e que vén substituír o antigo CAP.

Nesa mesma data, o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, Xesús Vázquez Abad, anunciou a intención de que as escolas universitarias de Enfermaría (EUE) pasen a depender de Educación. Actualmente son titularidade do Servizo Galego de Saúde. Esta mudanza levará consigo un plan de dotación en infraestruturas, orzamentos e respostas adaptado ás necesidades de cada un dos centros da Coruña, Lugo, Ourense e Vigo-Meixonfrío, o que servirá para superar as actuais disparidades no tocante aos aspectos docentes e organizativos.

O Consello tamén aprobou definitivamente a conxelación de taxas para o vindeiro ano, unha decisión motivada pola situación económica e en coherencia coas previsións macroeconómicas xerais para Galicia.

O pasado verán case tres mil estudantes participaron nos cursos de inmersión lingüística

Trátase dunha actividade que a Xunta de Galicia dotou con 4,3 millóns de euros e permite que nenos e nenas galegos melloren o seu nivel de inglés e francés, tanto en campamentos en Pontevedra e Salamanca, como en estadias en Canadá, Francia, Reino Unido e Irlanda. A este último país viaxaron 188 alumnos que conviviron con familias irlandesas e puideron coñecer de cerca a súa cultura, ademais de realizar diferentes actividades orientadas a mellorar o seu nivel idiomático.

De volta en Galicia, realizaron o traballo: "project work", un proxecto que requiriu organizarse en grupos e traballar coa información recompilada, para logo presentarllas aos seus compañeiros a súa visión do que viviran durante a súa permanencia fóra de España. En conxunto, todos estiveron de acordo en salientar que a viaxe lles deu a posibilidade de descubrir e aprender non só o idioma, senón tamén outros costumes, comidas e rutinas que, en xeral, presentan pequenas diferenzas coas do seu día a día.

Celebrouse o IX Congreso Internacional da Asociación Internacional de Estudos Galegos nas cidades de Santiago, Vigo e A Coruña

O dereito, a economía, a lingua, a historia, a literatura, a filosofía, a política e a tradución foron algúns dos temas que trataron os máis de douscentos congresistas, de dentro e fóra de Galicia, que se encontraron no IX Congreso Internacional da Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG). O evento tivo lugar o pasado mes de xullo e era a primeira vez que se desenvolvía na Comunidade galega, xa que nas pasadas edicións os escenarios elixidos foron Estados Unidos, Reino Unido, Alemaña, Cuba, Brasil e Cataluña.

Clausuraba o acto o secretario xeral de Política Lingüística, Anxo Lorenzo, quen gabou a calidade e diversidade dos estudos galegos no momento actual, unha realidade que, dixo, “nos motiva para seguir avanzando na dirección de internacionalizar a reflexión sobre o noso feito cultural, e que nos proxecta cara ao mundo”. Tamén valorou a importancia de que Galicia e o galego estean presentes fóra da nosa Comunidade, xa que “o seu futuro depende en boa medida da proxección exterior, da apertura e a presenza internacional”.

A AIEG é unha organización internacional académica que xurdiu na década dos oitenta na costa leste dos Estados Unidos, e traballa a prol da consolidación e proxección dos estudos galegos en todas as disciplinas académicas no mundo. Dende 1985 vén realizando os seus congresos, con periodicidade trianual, e foi a partir dos noventa cando a asociación experimentou unha importante expansión, á que contribuíu de maneira especial a creación dos centros de estudos galegos e mais dos seus lectorados, financiados pola Xunta de Galicia.

O II Congreso de Climántica reuniu preto de seiscientos estudantes galegos

Por segunda vez Climántica reuniu o colectivo estudiantil nun congreso no que os mozos presentaron os seus traballos ante a sociedade, e amosaron o seu grao de sensibilización fronte á conservación do medio. O proxecto atópase en plena fase de espallamento, como nolo confirman os datos recollidos nesta convocatoria. O pasado ano presentaban proxectos 288 estudantes, mentres que na actual o facían 581 de primaria, secundaria, bacharelato, ciclos formativos e universidade. En canto á implicación do profesorado, pasouse de 72 a 418.

Os 30 estudantes de primaria e ESO que resultaron premiados, realizaron un itinerario formativo a bordo dunha goleta, na que viaxaron polas rías de Arousa e Vigo entre os días 25 e 29 de xuño. Foron cinco xornadas de navegación, nas que levaron a cabo actividades de coñecemento do medio mariño: meteoroloxía, estudo do plancto e da flora costeira, mostraxe intermareal, artes de pesca e do sector conserveiro, paisaxe e ordenación do territorio. Os galardoados de bacharelato, ciclos formativos e universidade participaron nun campamento formativo en Allariz entre o 7 e o 11 de setembro.

Para Francisco Sónora, os mozos son unha peza básica na sensibilización sobre o cambio climático, de aí que sexan eles os que deben actuar como axentes comunicadores das evidencias, causas e consecuencias desta cuestión que afecta a todo o mundo. O obxectivo é transmitir os seus efectos dende as aulas ata a sociedade, “sen ningún tipo de límite nin barreira, cunha dimensión global, como global é o problema que conduce este proxecto”.

Con esta idea estrutúranse as iniciativas que se desenvolven de maneira localizada, e agrúpanse as grandes problemáticas do medio, como o quentamento global, as enerxías, os residuos, o ciclo da auga, a biodiversidade, o territorio e o medio rural e urbano.

IMOS RECUPERAR O MUNDO
20 de xuño de 2009 | Pazo de Congressos de Pontevedra
II Congreso
CLMNTK 09





Para o director do proxecto o éxito non está só no alto grao de participación, senón na rede social que se crea arredor desta actividade, posto que os estudantes veñen ao congreso acompañados das súas familias, que pouco a pouco se van adherindo a unha nova maneira de vivir. Tamén os relatorios dos mozos chegan á poboación, en xeral, a través doutros medios, como a páxina web www.climantica.org e a súa propia revista.

Climántica está implantada en Galicia en máis de 200 centros de secundaria, tanto na ESO como no bacharelato, o que supón máis do 50% dos institutos galegos. Tamén existen experiencias no ámbito universitario, como no caso da materia de Educación Ambiental, que se imparte en Educación Social na Universidade de Vigo, así como en varios cursos de posgrao. Mesmo os alumnos máis novos, os de ensinanza primaria, se están sumando ao programa.

A Universidade de Santiago acolleu o Seminario Internacional Universidad y Sociedad del Conocimiento

O acto contou coa participación de figuras tan relevantes, como Ronald Barnett, profesor de Educación Superior no Instituto de Educación da Universidade de Londres; Jurjo Torres, catedrático de Didáctica e Organización Escolar da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña; e Imanol Ordorika, profesor no Instituto de Investigaciones Económicas da Universidad Nacional Autónoma de México.

Os tres relatorios conformaron un marco que favoreceu a análise dos principais desafíos que debe afrontar hoxe a universidade. Ronald Barnett centra parte dos seus esforzos en trasladar a súa investigación académica ao terreo da práctica, a fin de suscitar o cambio institucional e mellorar a calidade do ensino. Nesta ocasión referiuse ás formas adoptadas pola universidade a través da historia, e disertou sobre cada unha delas dende a súa relación coa sociedade, o papel que desenvolve o coñecemento e a definición dos currículos. Unha reflexión que permitiu visualizar as mudanzas que experimentou esta institución en función de cada momento histórico, e, ao mesmo tempo, comprender as circunstancias nas que se atopa.

Por outra banda, Jurjo Torres, de sobra coñecido pola súa visión crítica sobre políticas educativas, currículo, multiculturalismo e formación do profesorado, fixo un repaso arredor de como se está abordando o concepto de competencias nos plans de estudo das universidades. Un enfoque que, para el, se basea prioritariamente nas demandas evidentes da economía do coñecemento, e dende unha perspectiva psicoloxista e de mercado que descoída outros elementos fundamentais da formación. Por último, Imanol Ordorika, notable académico mexicano, realizou unha análise socio-política da educación superior e recalcou a necesidade de que os centros que a impartan, tendan pontes coa sociedade.

Completou o dito evento unha mesa redonda con representantes de Chile, España, Córdoba e Bolivia, na que se revisou a situación das universidades iberoamericanas fronte á economía do coñecemento. Tamén se puxo a disposición dos asistentes ao acto un resumo das investigacións efectuadas no marco da RED UNISIC, tanto en España como en Latinoamérica, no que se achegaron datos e se puido comprobar como se enfrontan as distintas universidades ás transformacións que demandan os novos tempos que estamos a vivir.



O programa educativo Prensa-Escuela presentou unha guía de orientación para o profesorado

O acto tivo lugar no Museo Santiago Rey Fernández-Latorre, en Sabón (Arteixo) e foi presidido polo conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, quen agradeceu esta iniciativa que, ao seu entender, contribúe a formar persoas “mellor preparadas para afrontar os desafíos do futuro”.

A obra foi coordinada por Ana Torres Jack e contén artigos publicados no suplemento semanal *La Voz de la Escuela*, nos que se ofrecen suxestións sobre a maneira de tratar temas de grande importancia, como as técnicas de traballo intelectual, a intelixencia emocional, a violencia, ou os trastornos alimentarios. Todos enfocados, segundo expresou Ana Torres, dende tres puntos de vista: o dos profesores, o dos alumnos e o dos pais.

Prensa-Escuela é un programa educativo de *La Voz de Galicia*, promovido pola Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, en colaboración coa Obra Social Caixa Galicia. A súa finalidade é fomentar o uso da prensa na escola como recurso didáctico, e contribuír ao desenvolvemento do espírito crítico no alumnado.

A presentación congregou un nutrido grupo de profesores e orientadores, aos que se dirixiu Jesús Garrido, un dos fundadores do suplemento *La Voz de la Escuela*, para animalos a ver a nova como un reto e a presentarllela deste xeito aos alumnos “para que aprendan a traballar pola solución”. Pola súa banda, Andrés Vilas, profesor do IES Francisco Asorey de Cambados, e galardoado polo seu traballo didáctico cos xornais, mostrou unha experiencia coa que os asistentes puideron visualizar algunha das posibles aplicacións do programa nos centros.



A curta *Por nada* segue a recibir premios



A curta de ficción, *Por nada* sobre violencia xuvenil e ciberacoso (*ciber-bulling*), acaba de obter o premio ao mellor guiión no prestixioso festival OctubreCorto, en Pamplona. O filme, realizado por Ficción Producciones, foi dirixido por Toni Veiga e Dani de la Torre e creado sobre un guiión do mesmo Toni Veiga e de Manolo Dios, presidente do Seminario Galego de Educación para a Paz.

Por nada, de aproximadamente 15 minutos de duración, distribuíuse de balde por todos os colexios e institutos de Galicia como material de traballo didáctico, para abordar co alumnado de secundaria e coas familias, a conflitividade e a convivencia escolar, así como as consecuencias negativas dunha educación permisiva e protectora de máis.

O galardón vén sumarse a estes logrados con anterioridade:

- Seleccionado no Curtas 09 para distribución internacional.
- Premio do xurado no Festival de Cans.
- Premio do público no Festival de Cine de Astorga.
- Gran Premio Galicia no Curtocircuíto.

Pódese ver na web: www.sgep.org

e solicitar nos locais do Seminario Galego de Educación para a Paz.

eduga





Revista Galega do Ensino

informa

De que a partir do próximo número editaremos a revista en formato dixital. Aínda que manteremos a maioría das seccións, tentaremos abrir outras novas que faciliten a participación de todos os lectores e lectoras.

Agradecemos de verdade o apoio recibido ata a momento e esperamos seguir contando coas vosas reflexións e experiencias. Tamén podedes cooperar no deseño deste novo proxecto, enviando ideas e suxestións ao seguinte enderezo electrónico:

revista.galega.ensino@edu.xunta.es





Galicia en cifras

Descende o número de alumnos na universidade, pero as mulleres afianzan a súa presenza

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria presentou o pasado curso unha publicación na que ofrece datos estatísticos correspondentes ao SUG (Sistema Universitario de Galicia). O estudo refírese ao curso 2006/2007 e contou coa colaboración das universidades da Coruña, de Santiago de Compostela e de Vigo. O seu obxectivo é ofrecer unha visión global que permita coñecer e avaliar a situación do noso sistema universitario e tomar as decisións oportunas á hora de planificar o futuro.


Primeiro e segundo ciclo

No curso 2006/2007 matriculáronse no primeiro e segundo ciclo, 70.841 estudantes, deles acadaron a correspondente graduación 9.991. No terceiro ciclo graduáronse 1.307, dun total de 4.327 inscritos. Santiago de Compostela é a universidade cun maior número de matrículas e de graduacións, seguida das de Vigo e da Coruña. Así mesmo, hai que salientar que 391 titulados leron a súa tese.

	Homes	Mulleres	UDC	USC	UVI	SUG
Campus			2	2	3	7
Alumnado matriculado no 1.º e 2.º ciclo	30.013	40.828	20.980	28.072	21.789	70.841
Alumnado graduado no 1.º e 2.º ciclo	3.504	6.487	2.710	4.071	3.210	9.991
Alumnado matriculado no 3.º ciclo	1.649	2.095	844	1.613	1.287	3.744
Alumnado graduado no 3.º ciclo	572	735	282	532	493	1.307
Teses lidas	198	193	72	213	106	391
Alumnado que accede a un 2.º ciclo	618	836	388	559	507	1.454


Táboa 1. Datos xerais por universidades

As porcentaxes por universidades quedan reflectidas na gráfica 1.




Gráfica 1. Porcentaxes de matriculacións por universidades

Á vista dos datos, resulta evidente o desaxuste entre o alumnado matriculado e o alumnado graduado, tanto no primeiro como no segundo ciclo (gráfica 2).



Gráfica 2. Comparación entre matriculacións e graduacións por universidades

Tamén se pode observar que a cifra de mulleres matriculadas supera en algo máis de 10.000 á dos homes e representa unha ampla maioría entre os estudantes que conseguen unha titulación. Non obstante, e aínda que por escasa diferenza, son máis os alumnos que chegan a ler a súa tese, que as alumnas (gráfica 3).



Gráfica 3. Comparación xeral por sexos

Os datos revelan que dende o 1993/1994 ata o 1999/2000, son cada vez máis os mozos que deciden continuar unha carreira universitaria, pero a partir dese curso as matrículas van caendo ata perder máis de vinte e sete mil alumnos en sete anos.

Curso	Homes	Mulleres	UDC	USC	UVI	SUG
93-94	35.261	43.660	20.549	36.427	21.945	78.921
94-95	38.061	47.924	22.291	38.837	24.857	85.985
95-96	39.692	51.237	23.427	40.666	26.836	90.929
96-97	40.520	54.784	24.561	42.220	28.523	95.304
97-98	41.243	55.516	25.030	42.358	29.371	96.759
98-99	41.476	56.178	25.649	41.889	30.116	97.654
99-00	42.027	56.664	26.148	41.653	30.890	98.691
00-01	40.703	54.646	26.035	39.645	29.669	95.349
01-02	39.456	52.334	25.733	37.320	28.737	91.790
02-03	37.775	50.104	25.414	35.026	27.439	87.879
03-04	36.008	48.076	24.973	33.072	26.039	84.084
04-05	33.636	45.391	23.249	31.132	24.646	79.027
05-06	31.878	42.890	22.086	29.399	23.283	74.768
06-07	30.013	40.828	20.980	28.072	21.789	70.841

Táboa 2. Datos globais do alumnado matriculado no 1.º e 2.º ciclo

A maior baixa obsérvase na Universidade de Santiago de Compostela, que acada o punto máis alto en matrículas (42.358) no curso 1997/1998, pero a partir dese momento rexistra un descenso progresivo ata situarse en 28.072, o que significa 14.000 alumnos menos. A Coruña presenta a súa taxa máis alta no 1999/2000, con 26.148 alumnos inscritos, e baixa ata os 20.980 no 2006/2007. Vigo amosa un comportamento semellante atinxindo o maior número de matriculacións (30.890) no curso 1999/2000, e o menor (21.789) no 2006/2007.

Tamén as graduacións descenden nos últimos sete anos do estudo, pero a caída é moito máis suave que no caso das matriculacións.

	Homes	Mulleres	UDC	USC	UVI	SUG
2000/2001	4.717	7.783	3434	5.473	3.593	12.500
2001/2002	4.773	8.028	3.840	5.061	3.900	12.801
2002/2003	4.499	7.187	3.838	3.870	3.978	11.686
2003/2004	4.333	7.428	3.095	4.536	4.130	11.761
2004/2005	4.135	7.559	3.165	4.807	3.722	11.694
2005/2006	3.804	6.704	2.922	4.419	3.167	10.508
2006/2007	3.504	6.487	2.710	4.071	3.210	9.991

Táboa 3. Datos globais do alumnado graduado no 1º e 2º ciclo

A Universidade de Santiago de Compostela rexistra a menor taxa de títulos no 2003/2004, remonta no curso seguinte e, a partir de aí, inicia un novo descenso ata o ano no que se realiza este estudo. Unha tendencia semellante dáse no caso da Universidade da Coruña. Pola súa parte, a Universidade de Vigo consegue manterse algo mellor, mesmo sobe lixeiramente no 2006/2007 con respecto ao curso anterior.

Terceiro ciclo

A tendencia de matriculas no terceiro ciclo é ben diferente. Se salvamos unha pequena perda no curso 2000/2001, notamos un progresivo aumento ano tras ano e en ambos os dous sexos.

Curso	Homes	Mulleres	UDC	USC	UVI	SUG
93-94	861	848	340	1.050	319	1.709
94-95	894	988	345	1.204	333	1.882
95-96	1.053	1.014	521	1.232	314	2.067
96-97	1.221	1.215	623	1.382	431	2.436
97-98	1.256	1.320	708	1.312	556	2.576
98-99	1.271	1.310	734	1.223	624	2.581
99-00	1.491	1.530	929	1.458	634	3.021
00-01	1.395	1.492	759	1.464	664	2.887
01-02	1.446	1.647	770	1.432	891	3.093
02-03	1.586	1.757	832	1.513	998	3.343
03-04	1.648	1.896	843	1.547	1.154	3.544
04-05	1.703	2.012	778	1.613	1.324	3.715
05-06	1.762	2.152	822	1.745	1.347	3.914
06-07	1.649	2.095	844	1.613	1.287	3.744

Táboa 4. Datos globais do alumnado matriculado no 3.º ciclo

En canto a graduacións, obsérvase unha maior oscilación nos catro últimos anos do estudo, a pesar de que a presenza feminina se afianza, e inclusive aumenta.

Curso	Homes	Mulleres	UDC	USC	UVI	SUG
00-01	592	619	226	715	270	1.211
01-02	669	730	262	576	561	1.399
02-03	647	794	195	582	664	1.441
03-04	634	746	148	485	747	1.380
04-05	571	709	256	519	505	1.280
05-06	602	738	252	547	541	1.340
06-07	572	735	282	532	493	1.307

Táboa 5. Datos globais do alumnado graduado no 3.º ciclo

Resulta especialmente significativo o incremento experimentado pola Universidade de Vigo, tanto nas matriculacións como nas graduacións. É un dato, cuxa análise escapa ao obxectivo deste artigo, pero que merecería unha reflexión máis profunda para saber que variables posibilitaron tales resultados.